


CINEMA NA ESCOLA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CINEMA NA ESCOLA



Pero... isto que é?

Desde o Concello de A Coruña queremos presertarvos o programa "CINEMA NA ESCOLA". A nosa intención e achegar esta disciplina artística aos máis novos e novas, aos centros e ao profesorado, para que comproben de primeira man e a través do mundo da curtametraxe como as novas tecnoloxías facilitannos o acceso a esta potente ferramenta, didáctica e experiencial.

Unha actividade perfecta para poñer en valor o traballo integrador e de calidade, a creatividade e o manexo de tecnoloxías cotiás ao alcance de todas e todos.

Formación, diversión e adquisición de competencias co colofón final dunha gran gala de coidado formato hollywoodiense e vocación de referente. Un evento para forxar unha nova dimensión do tecido educativo e social en torno a un universo que a todas as persoas nos fixo soñar algunha vez: o cinema.


A quen vai dirixido?



A todos os centros de ensino público e concertados do noso concello, concretamente a todo o alumnado de 5º e 6º de Primaria e 1º, 2º, 3º e 4º de ESO e aos seus equipos docentes.



Beneficios do cine na educación?



O cinema aplicado á aula converte a cada neno e nena en verdadeiro protagonista da aprendizaxe, xa que cada participante é capaz de desenvolver os seus talentos, traballar en equipo, desenvolver a súa creatividade, aprender a expresar emocións e contar historias.

O cinema, como séptima arte, está incluído dentro das aprendizaxes educativas **STEAM** (polas súas siglas en inglés: Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñaría, Arte e Matemáticas). Para iso é necesario traballar en equipo, elaborar un guión utilizando os recursos creativos e comunicativos necesarios, así como dominar os aspectos técnicos básicos en canto a son e imaxe para levar a cabo unha gravación, edición e montaxe.

“Cinema na Escola” repercuten nunha serie de beneficios no alumnado e que, por ser materia de especial interese, provocará unha aprendizaxe cooperativa, é dicir, unha aprendizaxe directa e indirecta por parte do alumnado participante, froito de compartir experiencias. Desta forma, as vantaxes na aprendizaxe do alumnado participante son as seguintes:

En canto aos conceptos: a análise da linguaxe en todas as súas vertentes (visual, cinematográfico, dramático...), os conceptos cinematográficos clave como a imaxe e o son, a adquisición de coñecementos transversais, ou o desenvolvemento da creatividade.

En canto aos procedementos: destaca o traballo en equipo, pero, ademais, o esforzo individual, o diálogo, a redacción, a aplicación de técnicas cinematográficas na rodaxe e a edición e montaxe final.

Respecto a as actitudes: está orientado á cooperación para a aprendizaxe, a expresión de emocións, a empatía, a capacidade de chegar a acordos, a responsabilidade e a creatividade.

Do mesmo xeito, os equipos docentes tamén asisten á formación polo que o ensino vese directamente beneficiada con ferramentas pedagóxicas en materia de cinema, con vantaxes no ensino como as seguintes:

- Clima lúdico e dinámico na aula.
- Alumnado protagonista no proceso creativo.
- Traballo en equipo e mellora da relación entre o profesorado e o seu alumnado.
- Responsabilidade e proactividad por parte do alumnado. Aprendizaxe cooperativo.
- Xestión dos tempos no proceso creativo e avaliación de habilidades en formato diferente ao habitual.

Pola súa accesibilidade, o interese pedagóxico, transversal e integrador de diferentes talentos, e a motivación intrínseca que esperta no alumnado, “Cinema na Escola” representa unha aprendizaxe de Oscar.

Liña de tempo do proxecto

Inscrição dos centros educativos.

Cada centro realizará a inscrición desde a páxina web dos programas educativos do concello ata o 22 de decembro. Cada centro educativo poderá inscribir, como máximo tres equipos participantes por curso e 6 equipos entre todas as idades. Cada equipo estará coordinado por un formador ou formadora

Creación das curtametraxes.

Unha vez finalizada a fase de formación os equipos poderán comezar o seu traballo de guionización, gravación, edición e montaxe final. Durante todo o proceso o servizo de acompañamento e titorización estará dispoñible para resolver calquera dúbida e axudar telemáticamente aos equipos.

Deliberación do xurado.

Formado por personalidades relevantes da escena cinematográfica galega, formadas para a estandarización do criterio nos diferentes premios:

- Mellor película
- Mellor interpretación
- Mellor guión
- Mellor fotografía
- Melhores efectos visuais
- Mellor edición de vídeo
- Mellor edición de audio



Gala Cinema na Escola:

Alfombra vermella, focos e moitos nervios para o gran día da entrega de premios. Poderemos gozar dalgúns dos mellores fragmentos das devanditas curtas nun acto cheo de sorpresas e formato hollywoodiense presentado por algúñ coñecido cómico ou cómica, no que a san competición forxe un espazo anual lúdico de aprendizaxe conxunta... e diversión. Mes de maio.

Formación a formadores: Tras a inscrición realizarase unha formación de carácter telemático na que se explicarán todas as nocións relativas ao proceso creativo dunha curtametraxe (ver o epígrafe correspondente máis abaixoo). Tamén se disporá de servizo de acompañamento presencial no centro de ensino para a titorización, resolver dúbihdas e axudar no proceso de producción das curtas.



Entrega das curtametraxes:

As curtas deberán presentarse a través das canles telemáticas habilitadas con data límite o 14 de abril. Especificaranse os formatos admitidos, a duración máxima e mínima e todos os aspectos técnicos durante a formación.

O premio do público.

A partires deste intre e ata a véspera da Gala de entrega de premios, o público poderá votar a través da web o seu curto favorito (resultado oculto, só suma clic). Ferramenta de visibilidade.




Presentación do material audiovisual da gala.

Filmado en formato multicámara, como recordo para todas as persoas participantes e como material de arquivo.



Formación



Os centros participantes que completen con éxito a fase de inscrición, recibirán por unha banda un módulo de formación orientado ao profesorado que coordine a actividade, acceso a material exclusivo de "videotitoriais" e por último, acceso directo ao equipo técnico para resolver dúbidas ao longo de toda a fase creativa (mail 24h e teléfono en horario de oficina).

O módulo de formación constará de 2 sesión de 90 minutos online onde se abordarán os seguintes aspectos:

BLOQUE 1: Luces



A idea: Orientando a tormenta de ideas para que a súa electricidade ilumine as nosas lámpadas de forma estable.

Horizontes de viabilidade: A importancia do punto de partida: convertendo as nosas debilidades en fortalezas.

A Sinopse: Elaboración dun resumo descriptivo de personaxes e situacións. As mellores historias do cinema nun pano de mesa.

O guion literario: Construíndo unha nova realidade. Tempos e manexos do fluxo narrativo: Usos do trigo e da palla.

Posta a proba do guion: Lectura en grupo.

Elección do equipo técnico e artístico: Criterios e talentos. Importancia do traballo en equipo e da parte invisible. (Non confundir co casting).

BLOQUE 2: Cámara



Técnicas: encadres, uso e materiais de luz e son. Enxeño para un "horizonte 0€".

Guion técnico e storyboard: a novela gráfica como paso previo.

O casting: criterios e dinámicas. Primeiro cara a cara coa cámara.

BLOQUE 3: Acción



Ensaios: co elenco e co equipo técnico.

O plan de rodaxe: Optimización dos recursos de tempo, humanos e técnicos.

A rodaxe: A claqueta e a xeración de bruto ordenado e catalogado.

Edición e montaxe: Audio e vídeo, técnicas básicas en software de libre acceso.

Tratamento de imaxe, sonorización e músicas.

CINEMA NA ESCOLA



Existen certas actividades que vertebran o recordo de xeracións enteiras, que capturan no tempo o fotograma de proxectos selados cun sorriso,...e que se plasman en formatos que resisten ao tempo e constrúen identidades. Con "Cinema na Escola", soñamos con iso...e con que o achegamento de centos de alumnas e alumnos ao mundo do cinema, ao noso cinema, esperte vocacións e nos regale figuras de gran talla que poidan mirar atrás, como nun flashback, e lembren que o primeiro premio que recibiron...foi este! Facémolo posible xuntos e xuntas?